




# Boletín de Medio Ambiente



**Google mostra con datos como a corentena afecta ao día a día de Galicia.**

A estas alturas a ninguén lle sorprenderá que **Google sabe todo sobre nós**. Os datos de Galicia mostran como a partir dos días 10 e 11 de marzo cambian completamente os hábitos da poboación, a xente comezou a **teletraballar** e a **prepararse para o confinamento**, e esa mesma fin de semana o goberno decretou o **estado de alarma**.

Entre as **recomendacións** centradas no **teletraballo**, menciónanse "evitar o uso de papel innecesario para notas e optar por ferramentas dixitais", así como "imprimir só o estritamente o necesario e utilizar papel

## Noticias

### **A Coruña apaga as luces dos espazos públicos ante a falta de xente**

O Concello da Coruña comezou a **racionalización da iluminación pública da cidade**. A concellería de Urbanismo explicou que esta medida de redución lumínica prolongarase mentres dure o período de confinamento da poboación. Tamén apuntan que **non afectará en "ningún momento" á seguridade cidadá e que se fará de maneira gradual**.

Esta medida **suporá unha mellora nos valores de contaminación lumínica na cidade**. Estes parámetros poderán ser avaliados a partir das medicións dos valores SQM da rede de sensores de Meteogalicia.

Fonte: Quince mil

### **Ecovidrio. presenta 'É Tempo de reciclarse' para entreter a nenos e adultos mentres aprenden de reciclaxe**

**Ecovidrio**, a entidade sen ánimo de lucro encargada da xestión da reciclaxe dos residuos de envases de vidro en España, lanza a web "**É Tempo de reciclarse**", con contido sobre **reciclaxe e coidado do medio ambiente**.

O **obxectivo da web** é ilustrar a pequenos e maiores sobre a protección do noso planeta e a loita contra o cambio climático, ademais de servir como **entretemento para toda a familia nestes momentos excepcionais** nos que debemos quedarnos en casa. Os máis pequenos poderán debuxar e colorear á vez que aprenden sobre reciclaxe, descubrir curiosidades sobre o sector dos residuos, pasar o tempo vendo vídeos educativos...

Fonte: Tiempo de reciclarse

## A industria europea dos coches pide deixar ao carón a redución de emisións polo virus

A industria automobilística europea está a presionar á Unión Europea para que prorrogue as medidas que limitan as emisións de CO2 introducidas este ano alegando a crise á que se enfronta polo Covid-19.

As medidas, que suporían unha redución progresiva das emisións de CO2 da frota total de cada fabricante, promoven os coches máis eficientes que se adhiran aos compromisos climáticos, pero, segundo a ACEA (a patronal dos fabricantes en Europa), deberían aprazarse polo parón que o sector experimenta este momento.

En realidade, a petición non é nova. En setembro de 2019, o entón presidente de ACEA criticou as novas regulacións e en decembro do mesmo ano, a Asociación de provedores de automoción reclamou, ante o cambio da presidencia da Comisión Europea, reabrir o debate sobre a súa implementación. Con todo, a crise do coronavirus engadiu un novo elemento que, segundo estas organizacións, debe terse en conta.

## Un sistema de categorización para a economía circular

A falta dunha definición comunmente aceptada e inclusiva e unha metodoloxía de medición de circularidade dificulta a transición cara a unha economía máis circular. Obstrúe o desenvolvemento e o acceso a financiamento dedicado ou non dedicado, avaliación de risco de crédito e a transferibilidade e replicabilidade de proxectos e investimentos entre rexións e xurisdicións.

Para superar isto, o Grupo de Expertos en Circular Economy Financing da Comisión Europea propón un sistema de categorización de economía circular que define categorías de actividades que contribúen substancialmente a unha economía circular.

Fonte: Retema

## Proposta unha Lei do Clima pola Comisión Europea

A Comisión Europea propón unha Lei do Clima para comezar os primeiros pasos na loita contra o cambio climático en territorio europeo.

As estratexias que se debaterán ofrecen “a previsibilidade aos investidores, e ás empresas, ademais de garantir a transparencia e a rendición de contas”, segundo anuncia a Comisión Europea. Neste contexto, a Lei do Clima supón un complemento do marco da Unión Europea en materia de clima.

Nesta liña, a UE está en camiño de alcanzar a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro para 2020 e implementou a medidas clave para lograr os seus obxectivos climáticos e enerxéticos para 2030.

Para 2050, Europa aspira a converterse no primeiro continente neutral en clima a nivel mundial. Grazas á Lei do Clima, preténdese alcanzar emisións netas de gases efecto invernadoiro cero, así como intensificar os esforzos da adaptación ao cambio climático.

Unhas medidas que obrigan a todos os Estados membros e as institucións da UE a tomar as medidas necesarias a nivel nacional e europeo para alcanzar o este obxectivo.

## Sabías que...

O Programa de Cría en Cativeiro do Lince Ibérico *Lynx ex situ* registrou no centro O Acebuche, situado no Espazo Natural de Doñana (Huelva), o nacemento de oito cachorros en tres partos en menos dunha semana. Para determinar si unha femia está xestante ou non, tense en conta os niveis de prostaglandina nas feces que se recollen para a realización do diagnóstico de xestación.

# Mestura informativa

## RECEITA ECOLÓXICA: Crema de cenoria con laranxa e xenxibre

**Ingredientes:** 500 gr de cenorias, 2 cebolas medianas, 2 laranxas de zume, 1 anaco de raíz de jengibre, 1 cucharada pequena de miso branco, a ralladura da pel da laranxa, 1 l de auga, aceite, sal, sésamo negro.

**Preparación:** Cortar as cebolas en medias lúas ben finas e pochárlas ata que a cebola quede ben transparente, adoita tardar uns 20 minutos co lume baixo. Engade un pouco de sal para axudar á cebola soltar a súa auga interior, si ves que a cebola se pega na pota, ves engadindo auga en pequenas cantidades ata que vexas que a cebola está no seu punto. Pasados estes 20 minutos engade o jengibre laminado sen a pel e auga ata cubrir ben a cebola, deixa ferver outros 20 minutos máis a cebola coa pota tapada, si non tes jengibre fresco, podes substituílo por jengibre en polvo, con 1/2 cucharada será suficiente.

Fonte: Eco al grano

## O COVID-19 dispara o consumo de legumes, froitas, verduras e hortalizas

Desde que se declarou o estado de alarma, o produto estrela do confinamento son os **legumes**. A súa compra disparouse un **335% ao comezo do estado de alarma**, mentres que a venda de **arroz e pasta aumentou un 259%**.

Moitos nutricionistas e dietistas están a facer fincapé no consumo de **froitas, verduras e hortalizas** durante a corentena. Non só porque se trate de **produtos sans** que debemos incluír sempre na nosa dieta, senón como aliados para **evitar un aumento de peso** agora que a nosa actividade física vese limitada.

Fonte: Ecoticias

## A auga de billa é sa e segura, comprala mineral é unha tolemia de desperdicio plástico

Si antes da crise a venda diaria no noso país deste produto era de 10,5 millóns envases ao día (segundo estimacións de Retorna con datos de Canadean), a **situación actual supón un incremento masivo de botellas de plástico**.

**A auga da billa é segura respecto da transmisión do virus**. En España a 99,5% da auga de abastecemento urbana, a que salgue das nosas billas, **segue uns estritos controis sanitarios**.

Fonte: Ecoticias

## Flores sen aroma, un grupo numeroso que pasa inadvertido

**A forma, a cor e o cheiro** son os mecanismos máis comúns que **presentan as plantas para atraer aos polinizadores**, con todo, hai algunhas que non teñen cheiro como a mapoula, o liño branco, a orquídea ou a hortensia, e outras cuxas sustancias só as perciben os animais.

Por este motivo as **plantas con flores sen aroma** adoitan compensar esta carencia con "**flores moi vistosas e de cores rechamantes**, como as mapoulas, ou con formas suxestivas, como as orquídeas", explica a directora do Instituto Botánico de Barcelona-CSIC, Teresa Garnatje.

No entanto, a **falta de aroma** está asociada habitualmente a especies onde o transporte do pole prodúcese polo **vento** ou polas **correntes de auga**, polo que non necesitan atraer aos animais. Isto provocou que algunhas flores converxan nas súas formas, sen estar proximamente emparentadas.

Fonte: Efeverde

# Boas Prácticas

## Aimplas traballa nun novo envase sostible

Aimplas puxo en marcha, en colaboración con **Olive**, olivarera dos Pedroches, o proxecto **GO-OLIVA** o cal permitirá atopar unha aplicación de alto valor engadido ao residuo procedente do deshuesado da oliva.

En concreto, este proxecto enfocárase na **fabricación de novos envases sostibles para o propio aceite e os seus derivados**. Ata o de agora, este refugallo destinábase á súa valorización enerxética mediante incineración.

A través da iniciativa desenvolverase **Oliplast**, un novo material plástico composto biodegradable, compostable e elaborado con materiais procedentes de fontes renovables. Concretamente, o novo material estará composto por unha carga ou reforzo procedente do aceite de oliva e un material termoplástico. Oliplast **podrá ser procesado mediante extrusión ou inxección** para a elaboración de novos produtos como unha **bandexa ou prato** para apoiar a botella e **tapóns** para envases de cremas cosméticas elaboradas con aceite de oliva.

Fonte: Revista Inforetail

## A Comunidade de Murcia encarga un estudo para coñecer o intercambio de auga entre o Mar Menor e o Mediterráneo

O acordo tómase como consecuencia da aprobación do paquete de **medidas urxentes** para paliar, na medida do posible, a **situación ecolóxica do Mar Menor**, entre as que se atopa a de coñecer **de que forma inflúe nos seus parámetros a entrada ou saída de auga**, xa que este factor é o que maior impacto ten nos **procesos ecosistémicos** do Mar Menor.

## Cantabria crea unha ferramenta para a venda directa de alimentos locais entre produtores e consumidores

A Consellería de Desenvolvemento Rural, Gandería, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, habilitou unha **ferramenta** a través de internet para poñer en contacto directo a produtores agroalimentarios da rexión e consumidores co fin de **promover o consumo de produtos de proximidade** e facilitar a súa **compra e distribución** durante o **estado de alarma polo coronavirus**.

A nova plataforma, á que se pode acceder desde a páxina web da ODECA na ligazón

**www.alimentosdecantabria.com**, permite aos consumidores acceder a unha listaxe de produtores agroalimentarios cántabros que poñerán á disposición dos clientes a oferta que comercializan nos seus respectivos negocios.

Fonte: La Vanguardia

## Axenda Ambiental

- ✦ **Auditoría ambiental**, Curso **gratuito Online, 60 horas**. Adquirirase os coñecementos relativos a un Sistema de Xestión Ambiental e á súa posible certificación.
- ✦ **Xestión sostible dos residuos**, curso gratuito que se imparte en modalidade **online** cunha duración de **50 horas**.